

## ENTREVISTAS



# Darío Xohan Cabana

**"Pensamos en símbolos e influénnos cousas que nin sequera somos conscientes delas, que veñen nos libros, na maxia enorme dos libros."**

Darío Xohán Cabana: Un narrador, poeta e traductor destacado que leva xa algún tempo sen publicar nada novo. Dous premios Xerais e un premio Cidade de Lugo en Narrativa. Dous premios Cidade de Ourense, dous Celso Emilio Ferreiro e un Martín Códax en poesía. O premio Otero Pedrayo e a Medalla de Ouro da Cidade de Florencia pola súa traducción da "Divina Comedia" de Dante ó galego. Son mostras da súa calidade. As súas obras, cheas de sentido do humor e plenamente integradas na tradición literaria galega, amosan un mundo no que aínda a maxia, a utopía, é posible. Afastado dos círculos culturais máis coñecidos, Darío non é unha estrela da literatura. Trátase dun home afable e curioso, esguío e calmo, co que dá gusto falar. E falamos.

Por [Xermán Hermida](#)

Trancripción: [Xosé Soto Andiñón](#)  
[Arquivo Sonoro-Consello da Cultura Galega](#)

### ¿Que é para vostede a literatura?

Foi unha vocación que naceu da conciencia política nacionalista nos anos 67 ou 68, cando eu empecei a tomar conciencia patriótica, aínda que en realidade esas cousas mamáraas na miña casa, son dunha familia de esquerdas e esas cousas estaban presentes. Se a min me chamou a literatura foi fundamentalmente porque eu quería participar nese

edificio que se empezara a construír, por poñer unha data, con Rosalía de Castro, eu víao coma unha tarefa fundamentalmente patriótica e política. O que pasa é que tamén supoño que habería máis cousas das que eu non era directamente consciente, que eran as que me levaban a esa maxia das palabras, que chega o momento que te captura, que xa non é simplemente por unha motivación política polo que escribes senón que escribes case porque non che queda máis remedio. É unha cousa que preme desde dentro. Naceu tamén quizabes porque na miña casa falábase moi ben, meu padriño, o pai de meu pai, que estaba solteiro e viviu sempre con nós, era un home que tiña eso que Dieste chamaría "vontade de estilo na fala popular", falaba moito ben. Había unha certa maxia de palabras que rodearon a miña infancia, e ademais eu fun un lector moi precoz, lin O Quixote ós nove anos e Os tres mosqueteiros cando aínda non os tiña.

**Dentro desa relación da literatura coa política, hai obras súas coma "Morte de Rei" ou "O cervo na torre" nas que se manifesta máis claramente ese vencello. ¿Pode dicirse que cumpren unha función propagandística?**

Propagandística non, a propaganda eu tamén a teño feito, pero non a asinaba. Eu diría que é unha maneira de intentar explicarme a min o que é a nación, o que é o país, e do mesmo xeito que me explico a min ó mellor tamén transmito ós demais algo desa explicación. Non é que eu crea na literatura coma unha arma política, sei que o é e que pode selo, pero tamén é tantas outras cousas que non estou moito pola definición esa clásica, sobre todo da poesía social e todo eso. O que pasa é que cada persoa é un mundo e o meu mundo é evidentemente moi político, moi politizado, por eso é natural que nos meus libros eso estea sempre presente. Dentro das miñas obsesións, está a obsesión da patria, do pobo, da vida en sociedade. E eso creo que sempre me motiva. Incluso libros meus que non teñen case ningún matiz político no fondo son tamén políticos.

**¿Por que?**

Eu que sei. Un libro como Patria do mar, moitas veces penso que ó mellor, é un libro que simplemente trata os mitos, pero eu creo que implanta un sistema. Outra cousa diferente son outros libros que escribín, sobre todo libros de poemas que son poemas de amor. Pero

incluso nese aparece, aparece o demochín ese da preocupación polo país e da preocupación polo pobo e polas xentes que conforman a patria. Eu que sei, mesmo no último libro de poemas que escribín, se cadra o derradeiro, "Canta de cerca a morte", que é en orixe unha elexía pola morte de meu pai, a nación aparece como motivo esencial.

**" Levo tres ou catro anos, case cinco, practicamente sen escribir nada."**

**Íalle preguntar pola súa poesía, pero ultimamente non a escribe.**

Bueno é que ultimamente non escribo nin poesía nin outra cousa. Levo tres ou catro anos, case cinco, practicamente sen escribir nada. Primeiro, por unha serie de ocupacións persoais que me requiriron moitísimo tempo e segundo por sucesos terribles que non me deixaron concentrarme nin sequera senti-lo desexo da literatura. Eu non son escritor profesional, desde que me empecei a plantear a cuestión de escritor profesional ou non profesional, optei claramente polo non profesional. Eu non quero ser un escritor profesional de ningunha maneira, non quero vivir da literatura, non quero estar condenado a ter que escribir tódolos santos días. Eu quero escribir cando non teño máis remedio que escribir, e ademais quero escribir o que me dea a gana, sen pensar. Un libro como Morte de Rei é un libro que me levou moitísimo tempo e un enorme traballo escribilo, e sen embargo é un libro a penas tivo éxito de público e non deu unha peseta. Cando eu empecei a escribir, eso de pensar en gañar diñeiro coa literatura en galego era algo absolutamente absurdo, non se lle ocorría a ninguén. Hoxe a situación non é así.

**"Morte de Rei" é un libro extremadamente documentado.**

Si, é un libro documentado, é un libro que para facelo estiven lendo historia toda a miña vida. Cando empecei a plantearme escribir esa historia, pois empecei a estudar a época, unha época que ten unha gran dificultade en Galicia, documentos emitidos por D. García hai cinco ou seis e dúas noticias e catro cousas máis, pero o que fixen foi ver practicamente toda a documentación galega e portuguesa, que é o mesmo, dos séculos X e XI. Eso deume unha perspectiva bastante complexa da época. Os

documentos de D. García estúdiense nunha semana, pero situalos no seu ambiente é outra cuestión, entonces houbo que aprender un pouco de teoloxía e houbo que aprender unha serie de cousas que facían falta. É unha novela detrás da cal hai uns estudos históricos. Ningunha das cousas que se din na novela é demostrable que sexan ficción, tamén puideran ser verdade, está dentro das cancelas do que sabemos e do que non sabemos. -

### **¿Relacionado con isto, "Morte de Rei" pretende ser a novela histórica de Galicia?**

Non, pretende ser unha novela histórica. É dicir, novela histórica si, pero a novela histórica polo simple feito de presentar uns sucesos históricos a min francamente non me interesa facela, interésame lela. A min pareceume que D. García era pola súa vida e sobre todo pola súa prisión e pola súa morte unha especie de emblema, unha especie de símbolo que me chamaba e me obsesionaba desde había moitísimos anos, e entón decidín facer esa novela. É unha novela histórica, naturalmente que o é, pero non é simplemente para ensinar historia. Eu non quero ensinar historia, eu quero reflexionar sobre a historia.

### **Estou pensando no posible enlace que hai entre "Morte de Rei" e "O cervo na torre".**

Si, si, claro que o hai. Eu realmente concibira unha serie de novelas que probablemente nunca escribirei. A primeira delas no tempo era "Morte de Rei", e probablemente a última era "O cervo na torre". O tenente Sebastián García é un descendente directo de D. García. Eu quería facer unha historia que había de ser do príncipe de Valverde, que era a seguinte respecto a "Morte de Rei", despois había outra historia na que aparecería un tal Xohán Airas Teixeira, que falecería a finais do século XV e despois había outra que tamén tiña moi pensada que se chamaba "O coronel de Exipto", que sucedía neso que chaman a Guerra da Independencia contra os franceses. É unha historia complexa que constaba dese ciclo de cinco ou seis novelas, quizabes algunhas máis, pero probablemente non as escribirei nunca.

### **É unha pena.**

Non, porque as escribín ó revés, escribín primeiro a última, despois escribín a primeira e entonces xa me

pareceu que en realidade tiña todo escrito porque o do medio xa non me... E algunha podía ser divertida, non hai dúbida de que "O coronel de Exipto" tal como a tiña pensada, que ademais o coronel de Exipto xa saíu aludido nalgún relato meu. "O coronel de Exipto" podía ser unha boa novela, había de ser unha novela breve, en forma autobiográfica, escrita polo propio coronel de Exipto, antepasado de Sebastián García e descendente de D. García. A de Xohán Airas Teixeira era moi divertida porque saía ata Angelo Colocci, o dos nosos cancioneros, saían os irmandiños e saía un intento de magnicidio moi interesante cando Carlos V veu á Coruña, que pasou por Melide ou non me acordo por onde, e querían intentar matalo aí e non podían. Era unha cousa bonita, o que pasa que xa é demasiada novela histórica.

### **Pois eu apuntábame a lelas.**

Pois se cadra se te apuntas acáboa facendo. Depende, hai veces en que un non está para nada e, xa che digo, levo catro anos ou cinco sen escribir, pero se volvo esas historias aínda me seguen obsesionando e ó mellor termino escribíndoas.

### **"Eu por vocación son dúas cousas, filólogo e historiador"**

**Vostede cultivou todos os xéneros: Temos novela histórica, ciencia ficción como é "O cervo na torre", poesía, contos para nenos, relatos curtos... ¿por que isto?**

Eu por vocación son dúas cousas, filólogo e historiador. Equivoquei o camiño da miña vida, non fixen ningunha carreira universitaria e non me integrei no mundo da investigación, pero realmente a min o que me chama é a investigación lingüística e a investigación histórica, entónces eu andei dunha cousa para outra. Eu teño escrito sobre moitas cousas e tódolos xéneros, pero para min a literatura é toda a mesma. Incluso habería que pensar que a investigación histórica é a mesma cousa, a mesma obsesión. Eu sentíame ó principio moito máis cómodo na poesía, na narrativa despois chegueime a sentir máis cómodo aínda, pero tamén me sinto moi ben como traductor. Non sei, esto da literatura é un vicio curioso, son as palabras e as palabras pertencen a todas esas cousas, á poesía, á narrativa, ó ensaio, que pouco o teño practicado...

## **A súa primeira obra narrativa foi "As aventuras de Breogán Folgueira", ¿como xurdiu?**

Eso foi un pouco conto biográfico, se imos a eso. Eu vivía no mesmo sitio onde vivía Breogán Folgueira, o que pasa que eu vivía naquel sitio nos anos 63, 64, 65, na casa duns tíos meus, cando estaba facendo os primeiros cursos do bacharelato, e o Breogán Folgueira acontece cando escribín novelas, que debeu ser no 88, 89, por aí. Como pasa en tódalas novelas autobiográficas invéntase e Breogán Folgueira é moito máis guapo, moito máis ligón ca min. Tamén Breogán Folgueira ten de min esas cousas, que le a Cyrano de Bergerac, que le o Amadís ou que le calquera cousas desas rarísimas. En realidade, Breogán Folgueira son eu.

## **Unha cuestión curiosa de tódolos seus libros é a inclusión de índice de nomes ó final, que moitas veces é moi revelador de certos aspectos...**

Si, foi curioso porque neste pasou unha cousa. En "Morte de Rei" simplemente quería dicir unhas cousas sobre dos personaxes que me parecían útiles para o lector moi curioso que quixera ter alí á man unhas cantas cousas. Pero nos outros, por exemplo en Breogán Folgueira, é un tic que collín de Álvaro Cunqueiro. E digo que é curioso porque hai un libro meu, tamén publicado nunha colección xuvenil que se chama "As viaxes do príncipe azul" ou algo así. Eu íalle meter un índice, pero despois decidín non llo meter, e pasoume unha cousa curiosísima: Eu facíalle falar en catalán dialectal a un dragón pedante que hai de personaxe e facer citas coma tal que sabía moito francés e entónces metinlle un erro nunha cousa en francés coa idea de despois dicir no índice que o tipo non sabía, pero que se quería dar de tal. E agora que corrixín as probas para unha edición noutra colección decateime de que non se dicía "rotisía" que se dicía "rotifever" e estaba no índice a agora non está, hai que interpretarlas. É dicir que en realidade o que hai que seguir é a primeira inclinación.

**"Eu non teño o título académico que me faga prestixioso, pero tiven unhas universidades bárbaras"**

**Unha cuestión que asombra de vostede é a súa**

## **formación autodidacta.**

Eu son autodidacta nun sentido, e noutro sentido non son nada autodidacta. Sono no sentido de que fulano fixo o bacharelato así a trancas e barrancas e mais nada. Non foi á Universidade e se foi estivo moi pouco tempo e xa de certa idade, e entonces eu non teño o título académico que me faga prestixioso. Pero eu tiveron unhas universidades bárbaras, eu tiveron por exemplo cinco anos traballando con Xosé María Álvarez Blázquez que era el só unha universidade, el tampoco era universitario, era mestre de escola, que daquela non eran universitarios. Eu non me considero a min mesmo autodidacta porque tiveron magníficos mestres. Por exemplo aprendín moito coa miña amizade con Antón Santamarina e aprendín moito con Méndez Ferrín e aprendín moito con moitísima xente. Lin moito, como dicía Quevedo "escucho con mis ojos a los muertos" e eso non é nada autodidacta, eso apréndese.

## **Ben aproveitado estivo ese ensino, como traductor ten vostede recibido un premio da cidade de Florencia.**

Si, déronme a medalla de ouro de alí porque lles pareceu que era bonita a traducción a uns amigos meus. Para a traducción desto non fai falta ir á Universidade nin á facultade de Traducción e Interpretación, o único que fai falta é saber un pouco de italiano, remexer bastante na época en que escribe o traducido, saber ben o galego, saber rimar e face-los versos ben e ter moita paciencia. Eso non ten misterio ningún, apréndeo un só. O da traducción, especialmente a traducción de poesía é unha cousa que se aprende por vía do erro, do ensaio do erro, de ir pouquiño a pouco e con moitísima paciencia. Eu teño lido bastantes cousas naquel tempo, sobre todo cando estaba traducindo a Dante e a Petrarca, teño lido bastantes ensaios teóricos sobre da traducción e ningún deles me valía nada porque uns demostraban que a traducción era posible e outros demostraban que a traducción era imposible e a min eso non me importaba. Para min é relativamente posible a traducción e fíxena, non é unha traducción perfecta porque "traducción" e "perfecto" son dúas palabras que non casan.

## **Vostede ten tamén contos, relatos curtos, como poden ser os contidos en "Vidas senlleiras", ou**

## **"O libro dos moradores", onde se ve a influencia de Cunqueiro.**

Si, pero eu penso que hai máis influencia doutros ca de Cunqueiro, a de Cunqueiro é quizabes máis superficial, eu penso incluso se non terei máis influencia de Otero Pedrayo e de Ferrín indubidablemente. Pero efectivamente a min gústame moito facer cunqueiradas, sen embargo no fondo sospeito que as influencias veñen máis da banda de Ferrín, da banda de Pondal. Despois moitísimo da maneira de contar de Dante, da "Divina Comedia", así que sabe Deus de onde veñen as influencias. O noventa e cinco por cen de influencias e o cinco por cen de min mesmo.

## **""O cervo na torre" é a novela máis seria que escribín, porque aí hai unha traxedia"**

**En "O cervo na torre" hai un personaxe Fidel Carballo, que ten moitas semellanzas con vostede. ¿É autobiográfico?**

Non, oxalá o fose. Éo en certo modo porque eu síntome identificado con el incluso na traxedia. É a traxedia dun home bo que polas circunstancias históricas se converte nun home malo, que se ve obrigado pola súa propia conciencia a ir en contra da súa propia conciencia, que é a gran traxedia. Evidentemente eu síntome máis identificado con Fidel Carballo que con calquera dos outros personaxes. Se imos a eso, os personaxes tamén son tirados da tradición artúrica, Fidel Carballo é un personaxe artúrico, Castromao é evidentemente o rei Artur e Sebastián García é Galaaz e é moi evidente que Fidel Carballo participa de Lanzarote e de Galván, ten as dúas personalidades. Somos influencia e pensamos en literatura, non no mundo dos literatos senón no mundo dos que len. Pensamos en símbolos e influénnos cousas que nin sequera somos conscientes delas, que veñen nos libros, na maxia enorme dos libros. Pero eu debería dicir que, se imos a eso, entre Castromao e Ferrín tamén hai puntos de contacto notables, buscados ademais. Pero Fidel Carballo é un tipo que ten uns collóns dun tamaño que non eu non teño, é un home realmente valeroso e capaz de entenderse incluso coa súa propia conciencia. Para min, é a novela máis seria que escribín porque aí hai unha traxedia,



incluso me foi reprochado por alguén nunha ocasión publicamente e con certa violencia, que eu debía de ser un fillo de puta estalinista por escribir cousas así. Non o sei, ó mellor resulta que son un fillo de puta estalinista. O problema é que en situacións de extrema crise a moral cambia ou hai unha moral diferente. É que alguén debía pensar que eu desexaba que houbera eses sucesos que narra a novela e que morra media humanidade para nada. Eu simplemente imaxinei unha situación que efectivamente procede da ciencia ficción clásica. Eu fun un tempo un lector de ciencia ficción e eso influíu na concepción da situación, porque nunha situación extrema a xente compórtase dunha maneira extrema. A situación parte dese xénero, o que pasa que a técnica non se corresponde para nada coa ciencia ficción.

**Relacionado con "O cervo na torre" e con outras obras súas creo eu que hai unha serie de recorrencias, a cidade de Grándola Nova por exemplo está xa presente en "Cándido branco e o cabaleiro negro".**

Si, a illa é a mesma, está situada no mesmo lugar. Grándola Nova vén daquela canción, que é probablemente a única que eu sei cantar aínda que moi mal, que a min me cativou dunha maneira moi profunda, pola canción en si e mais polo que significou no abril portugués como palabra de orde do desencadeamento da revolución; eso aparece. Logo Artur é un mito monárquico, pero é un dos mitos máis republicanos que existen ou polo menos un dos mitos máis queridos polos republicanos. É un mito que no mundo galego e portugués ten unha presenza importante, o Sebastianismo portugués é exactamente o arturo trasposto a unha realidade moito máis inmediata, moito máis histórica. Artur aínda é un símbolo de esperanza. Que sexa rei ou non sexa rei eso non é o asunto, eu non quero un rei, pero é o símbolo dunha harmonía. A de Grándola é unha desas cancións absolutamente perfectas, absolutamente redondas, que hai ó mellor unha ducia ou menos.

**Volvendo un pouco ó tema artúrico, en "Galván en Saor" vostede fai tamén referencias a Merlín vivindo en Miranda, ¿as súas novelas máis cunqueirianas pretenden entrar tamén nese imaxinario?**

Si, pretenden cultivar eso, a intertextualidade. O galego é un sistema literario independente e autocentrado, entón hai un tecido que é un xogo, a literatura é un xogo de referencias. Entón parecía pretencioso facer o contrario, que o fin e o cabo é evidente que traio a Galván aquí porque Cunqueiro escribiu "Merlín e familia" se non non se me houbera ocorrido esa idea. Case me parecía que sería absurdo non facer a referencia, non facer o xogo.

## **" O soneto é probablemente de todas as formas estróficas da historia a forma máis perfecta"**

**A nivel poético, vostede cultivou fundamentalmente as formas clásicas, ¿nunca tivo tentacións vangardistas?**

Moitas, moitas, pero seguramente Deus, que por outra banda non existe, non me chamou por ese camiño. O meu desexo na poesía está moi tomado polas formas clásicas, aínda que tamén teño cultivado o verso libre. O verso libre é un pouco especial porque está composto por versos aparentemente libres compostos por unidades métricas perfectamente clásicas. Eu síntome ben no metro clásico, síntome ben no metro libre rítmico, pero hai unha forma na que me sinto especialmente ben que é no soneto, que ademais axúdame a non dispersarme, a concentrarme. O soneto é probablemente de todas as formas estróficas da historia a forma máis perfecta, quero dicir, o soneto leva cerca de oitocentos anos de vida, comezouse a facer en Sicilia a partir de mil douscentos e pouco e neses oitocentos anos de vida non cambiou nada, naceu perfecto, a forma é perfecta. Eu encóntrome nel libre, precisamente porque ten unhas cancelas que me avisan de que non teño por qué dispersarme.

**Unha pregunta moi vaga: ¿Cal é a súa concepción do galego?, ¿que é o galego para vostede?**

Si, é moi vaga, pero ten unha resposta tamén moi vaga e moi concreta, o galego é a miña lingua. Se non escribise en galego non escribiría porque carecería do primeiro impulso, se cadra despois tiña outro, sobre todo nos tempos de hoxe que vemos, agás que non o queiramos ver, que a supervivencia do galego está gravísimamente comprometida. Se as cousas non cambian radicalmente de aquí a vintecinco ou trinta

anos o galego está practicamente reducido a estatuto de lingua morta, aínda que ilustre. Tendo en conta todo eso, o galego para min é a lingua, o meu principal motivo de obsesión e de sufrimento. A min a lingua faime sufrir e mesmo me fai cabrear infinitamente moitas das cousas que observo con respecto ó concepto de bilingüismo harmónico e fanme encolerizar. Pero tamén outras cousas que veñen do noso bando, por exemplo moitas veces as manías dos lexicógrafos ou as manías dos normativizadores, que son outra desas cousas que me encabrona. Eu lendo algún dicionario que saíu ultimamente encolerízome totalmente porque me indigna profundamente que non aparezan palabras que foron usadas despois de cento cincuenta anos de tradición literaria e que non aparezan nese dicionario ou que nos exemplos dos artigos estean frases que en realidade están traducidas directamente, mal traducidas, do castelán.

### **"Eu en Portugal síntome na miña patria e o portugués é unha lingua que é miña, non estranxeira"**

#### **En "O cervo na torre" imaxina un futuro Estado Galego-Portugués ¿É vostede reintegracionista?**

Non, non son reintegracionista en absoluto, eu sigo disciplinadamente, ás veces con bastantes cabreos, pero disciplinadamente a normativa oficial e creo ademais que o galego e o portugués son a mesma lingua e que ó mesmo tempo son dúas linguas diferentes, depende do punto de vista que adoptemos. Eu o que creo é que cento cincuenta anos de historia literaria conforman unha lingua. É evidente que o artigo, que a flexión verbal e unha porcentaxe altísima de vocabulario coinciden, pero tamén é evidente que hai cincocentos anos de separación que produciron unha evolución en moitas cousas diverxente, é dicir, dunha lingua plenamente vocálica coma o galego a unha lingua en trance de desaparición das vocais coma o portugués, pero ó mesmo tempo temos unha lingua con sete vocais, un sistema clásico coma o galego e unha lingua coma o portugués cun sistema de trece ou catorce vocais, que por certo están desaparecendo. Así que en realidade é a mesma lingua, pero en realidade é outra lingua, outro sistema e eu penso que temos que asumir ese sistema, pero de tódolos xeitos eso non quere dicir que eu non sexa lusista noutro sentido. Por exemplo eu son independentista, pero nun horizonte posterior á independencia de Galicia eu

promovería a confederación con Portugal, eso non hai dúbida e é probable que de aquí a dous ou trescentos anos a propia evolución da historia produza unha evolución converxente das dúas linguas, pero o reintegracionismo hoxe creo que é contrario á realidade da lingua, á realidade histórica e ós intereses do nacionalismo galego. Eu son absolutamente portuguesista, eu en portugués síntome na miña patria. Eu son consciente de que hai unha nación que se forma a partir do reino suevo, que empeza a callar e que se chama Galicia e esa Galicia nun momento determinado divídese, unha parte entra na órbita de Castela e outra parte segue o seu camiño independente; eu en Portugal síntome na miña patria e o portugués é a miña lingua, é dicir, é unha lingua que é miña, non estranxeira. As diferencias moitas veces non son nin en favor dunha nin en favor doutra porque se imos a eso os portugueses unha das cousas que teñen que facer é liberar a súa koiné actual da cantidade enorme de incorreccións entradas desde o francés, desde o inglés tamén, que teñen deturpado a construción da frase portuguesa. A construción da frase galega de hoxe é moito máis semellante ó galego-portugués medieval do que o é a frase portuguesa de hoxe ó tronco común, nós témonos distanciados menos, somos máis arcaizantes.

## [outras entrevistas](#)

### **Cultura Galega.org**

[Inicio](#) / [Especiais](#) / [Arte](#) / [Comunicación](#) / [Música](#) / [Espectáculos](#) / [Historia](#) /  
[Lingua e Literatura](#) / [Sociedade](#) /  
[Certames](#) / [Arquivos](#) / [Participa](#) / [Xénese](#) / [Alén da Terra](#) / [Zona Cultura](#) /  
[Colaboracións](#)  
[Correo](#) / [Acerca de Cultura Galega.org](#)

Cultura Galega.org é unha iniciativa do Consello da Cultura Galega  
©[Consello da Cultura Galega](#), 2000